



BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA MUNICIPAL “RESPIRA” PARA O FOMENTO DA CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR. XULLO-AGOSTO 2023

O programa “Respira 2023” é una oferta lúdico-educativa durante o período vacacional. O Concello de Cee trata de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos tempos persoais, laborais e familiares así como a incorporación da perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nas nenas e nenos participantes nesta actividade.

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é regular as bases para a participación no programa “Respira” nos meses de xullo e agosto de 2023 destinado ás familias do Concello de Cee.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa está dirixido a nenas e nenos dende os 3 anos cumpridos (que estiveran matriculados no curso 2022-2023 en primeiro curso de segundo ciclo de educación infantil) e ata os 10 anos, divididos en grupos de traballo en función da idade.

Será requisito obrigatorio que os menores estean empadroados no Concello de Cee con data anterior ao 31 de maio de 2023.

3. NÚMERO DE PRAZAS E HORARIO

3.1. Número de prazas

O número de prazas será limitado a 30 prazas por quincena.

Existen, a maiores, 2 prazas para nenas e nenos con necesidades educativas especiais.

3.2. Horario

Este programa levarase a cabo de luns a venres, durante os meses de xullo e agosto, excepto festivos. O horario será de 10 a 14 horas.

Dentro das 30 prazas dispoñibles ofertaranse 10 prazas de 8 a 14 horas ás que só se poderá optar por motivos de conciliación laboral.

Poderase escoller entre as seguintes frecuencias de utilización del servizo:

- Mensual
- Quincenal

4. CRITERIOS DE SELECCIÓN (NON EXCLUÍNTE) E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

4.1. Para outorgar as prazas terase en conta os seguintes criterios en función da puntuación que se indica no seguinte recadro:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
1. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR	
Familias monoparentales (acreditada documentalmente)	5
Vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller (acreditada documentalmente)	5
Unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados (acreditada documentalmente mediante certificado de grado de dependencia ou certificado discapacidade).	5
Familias con rendas inferiores a 3 veces o IPREM	5
Calquera outra situación na unidade familiar que implique risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral (acreditada mediante informe emitido polos Servizos Sociais).	5
Mulleres en situación de desemprego de longa duración (acreditada documentalmente) ou maiores de 45 anos.	4
Familias numerosas	4
2. SITUACIÓN LABORAL	
Unidades familiares nas que ambos proxenitores/titores/acolledores traballen ou familias monomarentais/monoparentais traballando (inclúese neste epígrafe a asistencia a cursos de formación e a promesa de contrato de traballo acreditada con compromiso de acreditar o contrato de traballo ao inicio do campamento)	4
Unidades familiares nas que o horario laboral sexa coincidente e sen vacacións na quenda solicitada.	4
TOTAL	41 PUNTOS

Entenderase por unidade familiar aquel composto no momento da solicitude polo solicitante, os seus irmáns menores que convivan na mesma e os proxenitores que teñan atribuída a tutela e garda ou persoas que ostenten a súa tutela ou acollemento.

Para a valoración da situación económica da unidade familiar terase en conta as seguintes circunstancias:

- No caso de que a custodia do/a menor sexa exercida por ambos proxenitores serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose os dous como membros da unidade familiar nuclear.
- No caso de que a custodia da persoa solicitante sexa exercida ou estea atribuída a un único proxenitor, serán obxecto de valoración os ingresos do proxenitor custodio, xunto coas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.

- En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambos proxenitores salvo que se presentara polo proxenitor que figura como representante legal do menor na solicitude desta axuda, demanda para o establecemento de medidas paternofiliais.

Os requisitos deben cumprirse na data de presentación de solicitudes e serán valorados segundo indique a documentación aportada nesa data.

Para a valoración de situación de risco ou vulnerabilidade familiar, social ou laboral será perceptivo o informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.

4.2. A adxudicación de prazas realizarase da seguinte maneira:

1º. Adxudicación directa: se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

2º. No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, a selección dos/as aspirantes realizarase en función do cumprimento dos requisitos do cadro anterior, asignando praza directa ós/ás que teñan maior puntuación ata cubrir a totalidade das prazas.

En caso de producirse empates nas puntuacións, estas serán asignadas en función do menor nivel de renda económica.

De ser necesario, realizarase unha lista de agarda por orde de puntuación.

4.3. Publicación

As listas de admitidos e excluídos, así como a lista de reserva, de ser o caso, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Cee e na páxina web municipal.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

5.1. Lugar de presentación de solicitudes:

As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal mediante o impreso específico para esta convocatoria, asinado pola persoa solicitante (nai/pai/titor/a) no que se especificará o nome do menor (cubrir un impreso por cada menor), acompañado pola documentación correspondente.

Ademais, poderán presentarse a través de calquera medio contido en la Lei 39/2015, de 1 de outubro e demais normativa de desenvolvemento. No caso de presentación de solicitudes por correo común, a/o solicitante terá que comunicalo dentro do prazo establecido, vía correo electrónico ao rexistro municipal do Concello de cee (dpd@cee.gal).

Os impresos serán facilitados no departamento de Servizos sociais. Tamén se poderá acceder a eles a través de la páxina web municipal.

5.2. Prazo de presentación de solicitudes:

- Do 2 ao 7 de xuño: inscrición na actividade mediante os formularios establecidos ao efecto.

Tras a publicación da lista provisional de admitidas/os nas diferentes quendas do campamento establecerase un prazo de 3 días para alegacións.

6. DOCUMENTACIÓN

6.1. Débese presentar en todas as solicitudes a seguinte documentación **con carácter perceptivo**:

- Solicitude asinada para a convocatoria 2023 (Anexo 1).
- Fotocopia del DNI/NIE dos/as proxenitores/as ou do titor/a legal.
- Volante de empadramento ou autorización para a comprobación de datos no padrón municipal.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria de cada menor.
- Libro de familia completo ou documento equivalente que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que acredite dito vínculo.
- No caso de nenas e nenos de 3 anos, copia da matrícula no curso 2022-2023 en primeiro curso de segundo ciclo de educación infantil.
- De ser o caso, certificado do grado de discapacidade ou informe médico do/a menor solicitante.
- Aqueles usuarios/as que teñan intolerancias, alerxias alimentarios u outros problemas que sexa necesario ter coñecemento dos mesmos por parte do Concello de Cee, aportarán un informe médico onde se recolla.
- Declaración responsable de aceptación de condicións de participación. (Anexo 2)

6.2. Documentación a valorar:

- Vida laboral, certificado de servizos prestados ou promesa de contrato acreditada (debendo entregar copia do contrato laboral ao inicio do campamento).
- Informe emitido pola empresa en 2023 onde conste a xornada laboral e as datas das vacacións. No caso de traballadores autónomos mediante declaración xurada na que conste a xornada laboral, período vacacional e a súa correspondente incompatibilidade.
- Declaración do IRPF correspondente ao ano 2021. Certificado de imputacións de renda, emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Acreditación de situación de desemprego de longa duración.
- Acreditación situación de dependencia ou grado de discapacidade.
- Acreditación vítima de violencia de xénero e/ou outras formas de violencia contra a muller.
- Título de familia numerosa en vigor.
- Certificado familia monoparental.
- Informe emitido polo persoal técnico dos servizos sociais municipais.



7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Deberanse cumprir todas as normas de funcionamento recollidas no Anexo 3.

En caso de producirse cambios en relación cos datos que figuran na solicitude de inscrición, deberanse comunicar á persoa encargada da actividade.

8. BAIXA NO PROGRAMA

Produciranse baixas no programa polas seguintes causas:

- Disentimento, é dicir, baixa voluntaria do/a beneficiario/a no programa por renuncia expresa dos seus proxenitores ou titores/as legais mediante presentación do Anexo 4.
- Existencia de tres faltas sen xustificar.

9. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comprobación dos criterios de selección e da documentación aportada será realizada por unha comisión de valoración constituída polos seguintes membros:

- Presidenta: Directora Centro de Información á Muller
- Secretaria: Técnico/a do equipo de Servizos Sociais Municipais
- Vogais: 2 técnicos/as do equipo de Servizos Sociais Municipais.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A concelleira delegada en funcións, Emilia M^a Trillo Lago

[Documento asinado electrónicamente]

ANEXO 1

SOLICITUDE DE PRAZA PROGRAMA CONCILIA: RESPIRA VERÁN 2023

1.- DATOS DA/O NENA/O:

Apelidos _____ Nome _____

DNI/NIE _____ Enderezo _____

Nº TARXETA SANITARIA: _____

Poboación _____ CP _____ TLF _____ / _____

Correo electrónico _____

Data de nacemento _____

Autorizo a comprobación do Padrón por parte do persoal técnico municipal.

2.- DATOS FAMILIARES:

Pai, nai e/ou representante legal _____ DNI/NIE _____

E-MAIL: _____

Teléfonos: _____ / _____

3.- PERSOAS AUTORIZADAS A RECOLLER Á/O ALUMNA/O:

A.- NOME E APELIDOS _____ DNI/NIE _____

B.- NOME E APELIDOS _____ DNI/NIE _____

4.- QUENDAS A ESCOLLER:

MES DE XULLO <input type="checkbox"/>	4 XULLO – 15 XULLO <input type="checkbox"/>
MES DE AGOSTO <input type="checkbox"/>	18 XULLO – 29 XULLO <input type="checkbox"/>
AMBOS <input type="checkbox"/>	1 AGOSTO – 12 AGOSTO <input type="checkbox"/>
	17 AGOSTO – 31 AGOSTO <input type="checkbox"/>

SOLICITA SERVICIO DE MADRUGADORES SI NON

5.- A/O NENA/O TEN INTOLERANCIA/ALERXIAS ALIMENTARIAS OU OUTRO PROBLEMA DE INTERESE? SI NON

En caso afirmativo, cales?

6.- CONDICIÓNS DE ACCESO

Fíxase un **prazo de inscrición** para a solicitude de praza que remata o 7 de xuño.

O horario de apertura da actividade de conciliación RESPIRA de 10:00 a 14:00, de luns a venres. No caso de optar polo servizo de madrugadores o horario é de 8:00 a 14:00 horas.

Cee, _____ de _____ de 2023.

Sinatura (Pai/nai/representante legal)

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA RESPIRA DO CONCELLO DE CEE E DE INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.

D./D.^a..... con DNI/
NIE/pasaporte nºe domicilio en....., na
dirección.....CP....., en
calidade de pai/nai/titor/a (indicar o que proceda) dos/as
menores:

- Declaro que, RECIBÍ E LÍN toda a información relacionada co funcionamento do programa e coa protección de datos de carácter persoal , incluíndo o uso de fotografías e/ou videos.
- AUTORIZO a comprobación de datos no padrón municipal.
- ACEPTO as condicións de participación no Programa (Bases da convocatoria).
- ACEPTO as normas de funcionamento do Programa Respira (Anexo 3).
- AUTORIZO a que se publiquen fotografías e/ou videos das /os miñas/ meus fillas/fillos a través das RR.SS./web do Concello de Cee.
- AUTORIZO a que a/o miña/meu filla/o poida facer algúnha saída polo pobo (fora do recinto onde se desenvolve a actividade).
- AUTORIZO, a calquera das/os monitoras/es a acompañar á/ó miña/meu filla/o, en caso de emerxencia médica.

En Cee, a..... de..... do 2023.

Sinatura (Pai/Nai/Representante legal)

Información básica sobre protección de datos:

(Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais):

- De conformidade ao disposto na actual normativa de Protección de Datos de Carácter persoal, informámoslle que o responsable de tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento é CONCELLO DE CEE, cuxa finalidade é poder atender as consultas e calquera tipo de xestión realizada por este medio de comunicación. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigación legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE CEE dispón de formularios específicos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade en: DOMINGO ANTONIO DE ANDRADE, S/N, 15270 - CEE (A CORUÑA); dpd@cee.gal Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: dpd@cee.gal.

- **Finalidade do tratamento:** os datos serán utilizados para facer partícipe ó menor na actividade solicitada na presente solicitude, así como a xestión administrativa que poida derivarse de dita participación.

- **Datos de saúde:** co único fin de salvaguardar a seguridade do menor, poderemos solicitarlle información sobre o seu estado de saúde, alerxias ou intolerancias alimentarias. Deberá terse en conta que, no caso de omitirse calquer tipo de información ou de que non se nos informe correctamente, só vostede será responsable.

O feito de que non faciliten parte da información poderá supor a imposibilidade de inscribir ó menor na actividade.

- **Uso de fotografías e videos:** Co fin de promocionar as actividades organizadas no programa de conciliación RESPIRA

- **Prazo de conservación:** os datos facilitados conserváranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

ANEXO 3

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA RESPIRA DO CONCELLO DE CEE

1. As crianzas que acudan ao Programa Respira NON DEBEN de ter ningunha enfermidade infecto contaxiosa, nin tampouco febre e/ou vómitos.
2. As/os monitoras/es NON ADMINISTRARÁN ningún tipo de medicamento
3. Os horarios de entrada e saída deben respetarse en todo momento, coa finalidade de non interromper as actividades unha vez comezadas, polo que se prega a maior puntualidade posible.
4. A entrega e recollida das crianzas farase na entrada do recinto ou onde as monitoras o indiquen.
5. Recoméndase o uso de roupa e calzado cómodo e gorra.
6. É recomendable poñerlle crema de protección solar, antes de saír da casa.
7. Deberán traer algo de merenda e unha botella de auga.
8. Si existen TRES FALTAS SEN XUSTIFICAR, serán motivo de ANULACIÓN DA PRAZA.
9. No caso de algunha emerxencia médica, COMUNICARASE INMEDIATAMENTE Á FAMILIA, a través dos teléfonos de contacto que consten na solicitude. No caso de que a emerxencia fose grave, avisaríase primeiramente, ós servizos médicos de urxencias. Acudirán ao servizo médico acompañados por un/ha monitor/a.

ANEXO 4 .

MODELO DE DESESTIMENTO DO PROGRAMA CONCILIA

D./D.^a..... con DNI/
NIE/pasaporte nº,e domicilio en....., na
dirección.....CP....., en
calidade de pai/nai/titor/a (indicar o que proceda) dos/as
menores:

.....

.....

.....

Pola presente COMUNICO ó CIM do Concello de Cee que os/as menores arriba mencionados deixan de asistir ó Programa Concilia para o que tiñan concedida praza, a partir do(indicar data), polo motivo que se indica:

.....

.....

.....

.....

Cee, de de 20.....